

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 5 DE AGOSTO DE 2011.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 5 de agosto de 2011, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a. MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE)

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP)

D^a MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D^a MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

NON ASISTEN:

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste D^a. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA, Interventora do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE BRIÓN.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO COMPLEXO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE BRIÓN.

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

Se informa que a urxencia ven motivada polo feito de que o último día da exposición pública dos expedientes referentes á ordenanza fiscal da taxa da piscina cuberta municipal e do regulamento de réxime interno da mesma, foron presentados varios escritos de alegacións que resulta necesario resolver á maior brevidade para a entrada en vigor da ordenanza e regulamento para comezar a prestar o servizo ten demandado polos veciños, non considerándose procedente retrasar estes asuntos ata o Pleno ordinario de setembro.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que non consideramos que sexa urxente e que fun convocado onte pola tarde e hai que ter en conta que os concelleiros tamén temos traballo e vida privada á que atender.

O Pleno do Concello con seis votos a favor do grupo municipal do PSG-PSOE (6) e catro abstencións do grupo municipal do PP (4), acorda ratificar a urxencia.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE BRIÓN.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 4 de agosto de 2011, que transcrita di:

O Pleno do Concello en sesión do 23 de xuño de 2011 aprobou inicialmente o regulamento de réxime interno da piscina cuberta municipal de Brión, expoñéndose ao público o expediente mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP do 28 de xuño de 2011, rematando o prazo de exposición con data 3 de agosto de 2011.

Durante o prazo de exposición pública se presentaron os seguintes escritos de alegacións:

-. Escrito asinado por D. Javier Carril Barco, con rexistro de entrada no Concello núm. 1998, do 3 de agosto de 2011, onde en resumo sinala:

1º) Que a piscina vai pechar varias horas durante o mediodía o cal o perxudica a el e a outros veciños e que se o motivo é por cuestións económicas que se abra a algunha hora máis tarde e/ou peche un pouco antes.

2º) Que non hai baños independentes para os nenos de maneira que calquera dos pais poidan entrar para cambialos de roupa e duchalos axeitadamente.

3º) No mesmo senso bótase de menos un mínimo de privacidade nos vestiarios e duchas, posto que non existe ningunha privacidade nin porta opaca que permita a calquera poder ducharse ou cambiarse tranquilamente e non sempre diante de todas as persoas, nin ser visto por menores.

-. Escrito asinado por D. Diego Veiga Fuentes, con rexistro de entrada no Concello núm. 2000, do 3 de agosto de 2001, onde en resumo sinala:

1º) Que unha persoa que non se faga socio tan só pode utilizar ao día unha hora e media as instalacións e que é moi pouco tempo se ademais quere utilizar o ximnasio ou vai con menores, por iso a taxa é excesiva polo que debera ou baixarse a taxa ou ampliar o horario para os non aboados.

2º) Que o peche nas horas do mediodía imposibilita a moitos veciños a utilización.

3º) Escrito asinado por D. Manuel Antelo Agra con rexistro de entrada no Concello núm. 2002, do 3 de agosto de 2001, onde en resumo sinala:

1º) Que a piscina debera estar aberta ao mediodía.

Considerando que a piscina ten un horario máis que suficiente para o disfrute polos veciños posto que o mesmo vai de:

- . Inverno:

- . De luns a venres: de 7,30 a 12,00 e de 16,30 a 22,00 horas.

- . Sábados: de 9,00 a 14,00 e de 17,00 a 20,00 horas.

- . Domingos e festivos: de 9,00 a 14,00 horas.

- . Verán:

- . De luns a venres: de 7,30 a 12,00 e de 18,30 a 22,00 horas.

- . Sábados: de 9,00 a 14,00 e de 17,00 a 20,00 horas.

- . Domingos e festivos: de 9,00 a 14,00 horas; aínda que evidentemente sempre pode existir algún veciño ao que lle resulte incompatible co seu traballo, aínda que parece difícil, dada a amplitude do mesmo, e por outra banda a apertura unha hora máis tarde ou o peche antes tamén habería persoas que se poidan sentir perxudicadas, non obstante en función das demandas reais dos veciños logo da posta en funcionamento das instalacións podería evidentemente modificarse o horario para adaptalo a demanda dos veciños.

Respecto da alegación referente á inexistencia de baños independentes para menores e inexistencia de privacidade, é preciso sinalar que non é unha alegación contra o regulamento, senón que sería, no seu caso, contra o proxecto construtivo da piscina, proxecto construtivo que cumpre a normativa sanitaria vixente en materia de piscinas de uso colectivo na Comunidade Autónoma de Galicia estando autorizado pola Consellería de Sanidade e por outra banda hai que recordar que se trata dunha piscina de uso colectivo.

Respecto da alegación de que o tempo é moi pouco para unha persoa que non sexa socio, hai que sinalar que o prezo é o axeitado ao mercado e por outra banda sinalar que deste xeito se incentiva a captación de socios para os que os prezos evidentemente son menores e dispoñen de moitos máis beneficios.

Examinadas pois as alegacións presentadas, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Desestimar as alegacións presentadas polos interesados polos motivos expostos.

2º) Aprobar definitivamente o regulamento de réxime interno da piscina cuberta municipal de Brión, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión do 23 de xuño de 2011.

3º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomás Fondo sinala que estamos de acordo coa alegación que fai referencia ao peche ao mediodía e que o resto do regulamento está ben e imos manter a postura anterior e por iso imos abstermos..

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta da Alcaldía dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO COMPLEXO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE BRIÓN.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 4 de agosto de 2011, que transcrita di:

O Pleno do Concello en sesión do 23 de xuño de 2011 aprobou provisionalmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal de Brión, expoñéndose ao público o expediente mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP do 28 de xuño de 2011, rematando o prazo de exposición con data 3 de agosto de 2011.

Durante o prazo de exposición pública se presentaron os seguintes escritos de alegacións:

-. Escrito asinado por D. Javier Carril Barco, con rexistro de entrada no Concello núm. 1999, do 3 de agosto de 2011, onde en resumo sinala:

1º) Que a piscina vai pechar varias horas durante o mediodía o cal o perxudica a el e a outros veciños.

2º) Que non hai baños independentes para os nenos de maneira que calquera dos pais poidan entrar para cambialos de roupa e duchalos axeitadamente.

3º) No mesmo senso bótase de menos un mínimo de privacidade nos vestiarios e duchas, posto que non existe ningunha privacidade nin porta opaca que permita a calquera poder ducharse ou cambiarse tranquilamente e non sempre diante de todas as persoas, nin ser visto por menores.

-. Escrito asinado por D. Diego Veiga Fuentes, con rexistro de entrada no Concello núm. 2001, do 3 de agosto de 2001, onde en resumo sinala:

1º) Que unha persoa que non se faga socio tan só pode utilizar ao día unha hora e media as instalacións e que é moi pouco tempo se ademais quere utilizar o ximnasio ou vai con menores, por iso a taxa é excesiva polo que debera ou baixarse a taxa ou ampliar o horario para os non aboados.

2º) Que o peche nas horas do mediodía imposibilita a moitos veciños a utilización.

3º) Escrito asinado por D. Manuel Antelo Agra con rexistro de entrada no Concello núm. 2003, do 3 de agosto de 2001, onde en resumo sinala:

1º) Que a piscina debera estar aberta ao mediodía.

2º) Que a taxa debería ser menor porque se pecha ao mediodía as ventaxes para os veciños son menores que noutras instalacións similares.

Considerando que a piscina ten un horario máis que suficiente para o disfrute polos veciños posto que o mesmo vai de:

-. Inverno:

- De luns a venres: de 7,30 a 12,00 e de 16,30 a 22,00 horas.
- Sábados: de 9,00 a 14,00 e de 17,00 a 20,00 horas.
- Domingos e festivos: de 9,00 a 14,00 horas.
- Verán:
- De luns a venres: de 7,30 a 12,00 e de 18,30 a 22,00 horas.
- Sábados: de 9,00 a 14,00 e de 17,00 a 20,00 horas.
- Domingos e festivos: de 9,00 a 14,00 horas; aínda que evidentemente sempre pode existir algún veciño ao que lle resulte incompatible co seu traballo, aínda que parece difícil, dada a amplitude do mesmo, e por outra banda a apertura unha hora máis tarde ou o peche antes tamén habería persoas que se poidan sentir perxudicadas, non obstante en función das demandas reais dos veciños logo da posta en funcionamento das instalacións podería evidentemente modificarse o horario para adaptalo a demanda dos veciños.

Respecto da alegación referente á inexistencia de baños independentes para menores e inexistencia de privacidade, é preciso sinalar que non é unha alegación contra a ordenanza fiscal, senón que sería, no seu caso, contra o proxecto construtivo da piscina, proxecto construtivo que cumpre a normativa sanitaria vixente en materia de piscinas de uso colectivo na Comunidade Autónoma de Galicia estando autorizado pola Consellería de Sanidade e por outra banda hai que recordar que se trata dunha piscina de uso colectivo.

Respecto da alegación de que o tempo é moi pouco para unha persoa que non sexa socio, hai que sinalar que o prezo é o axeitado ao mercado e por outra banda sinalar que deste xeito se incentiva a captación de socios para os que os prezos evidentemente son menores e dispoñen de moitos máis beneficios.

Respecto da alegación de que a taxa debería ser menor porque se pecha ao mediodía as ventaxes para os veciños son menores que noutras instalacións similares, hai que sinalar que o prezo é o axeitado ao mercado e non vai en función da apertura da piscina ao mediodía senón dos custes da prestación do servizo e do proceso de contratación da xestión por concesión da piscina municipal.

Examinadas pois as alegacións presentadas, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

- 1º) Desestimar as alegacións presentadas polos interesados polos motivos expostos.
- 2º) Aprobar definitivamente a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal de Brión, aprobada inicialmente polo Pleno do Concello en sesión do 23 de xuño de 2011.
- 3º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que aquí estamos de acordo coa alegación respecto da taxa porque o horario mellor para eles é ao mediodía e se hai menos horas, menos comodidades e menos servizos para os posibles clientes estou de acordo en que habería que baixar a taxa.

O Sr. Alcalde sinala que a ordenanza é a mesma e non hai ningunha modificación respecto da aprobada inicialmente e vostedes agora cambian a sentido do seu voto, e que a urxencia ven motivada polo feito da súa entrada en vigor, e sinalar como curiosidade que son tres as alegacións presentadas e foron presentadas por unha soa persoa. Engade que o regulamento de réxime interno é o que se aprobou e supoñemos que segundo a demanda do mercado o concesionario estará aberto a calqueira petición.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta da Alcaldía dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e quince minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario.

Vº e Prace.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.